

(Dómeza)

A Cruña  
1º.X.76

Luis Seoane  
Buenos Aires

Meu amigo:

Comprendo. A túa non é cansreira, non; é sabiduría vital. Na mocidade todo é pulo, puro e simple, no medio dunha sinxela e parva realidade. Mais co tempo váise ún deca - tando da endiañada complexidade desa realidade. Vai ún co - nocendo, eso sí, verdades parciáis ou, si se quer, anaqui - ños daquela realidade. E así cadaquén. Logo, necesariamen - te, imos perdendo dogmatismo ao comprender que, cando menos neste mundo, nunca sabermos da verdade absoluta, "de la mi - sa la media". E facémonos liberáis. Comprendemos aos demais, e aspiramos, simplemente, a que os demais nos comprendan. Fa - cémonos, en suma, comprensivos. Mesmo tamén cos xogadores de cartas. Eso é todo.

Claro, que logo veñen os periodistas e non nos com - prenden. Ou non nos facemos comprender. Vai ti a saber. Pe - ro deberemos tamén ser comprensivos. Non todos van ser uns Eckermans a falar cuns Goethes. Porque, en definitiva, o im - portante, o verdadeiramente importante, é a obra que cada - quén deixe tras de sí. E a túa, Luis, é xigantesca, cicló - pea. E pra sempre ficará chantada na memoria de Galicia. E, aínda máis: na memoria do universo mundo. Fíxate tí si po - des, ou non, ser comprensivo con canta burra peideira ande ceibe pola bouza da vida.

A vosa carta tróuxonos candia sí unha triple de - dicia: a de sabéremos que estades ben, a de conocéremos da vosa farturenta obra, e a de comrobáremos que axiña estare - des connosco. Como chegaredes na forza do inverno, cuidaréi de non vos perder o paraguas que me deixáchedes. Milagrosa - mente aínda vai candia min nos días de choiva. Que, prá des - gracia do noso país, non son moitos.

E sin máis por hoxe, unha cinguida aperta de nós os catro -Milagro tamén entra no afecto-, pra vós os dous.

Dómeza |